




AS GRALLEIRAS DESDE GUENDE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 15 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 7 horas



Cabras feras nos penedos das Gralleiras.

Unha ruta para coñecer unha das áreas máis emblemáticas da serra do Xurés.

Todo o percorrido é un espectáculo de rochas, bolos e masas graníticas de todas as formas e tamaños, salferidos de manchas de vexetación herbácea e matogueiras de uces, carrochas e carqueixas, entre as que se atopan as numerosas especies con distribución restrinxida a esta zona.

COMO CHEGAR:

Desde Lobios seguimos a estrada que vai por Araúxo, e pasado Esperanzo cóllese, á dereita, o desvío a Guende. Antes da primeira casa do lugar hai un pequeno alargado onde se pode deixar o coche. A ruta comeza na capela de San Miguel, por calquera dos dous camiños que no remate das leiras se transforma en carreiros pouco transitados, e camiñando en dirección ao sur polo carreiro que vai ás captacións de auga ata remontar o Coto, na penichaira dos cumes collemos á esquerda (cara ao leste) e en liña case recta seguimos ata acadar os marcos fronteirizos. Os numerosos fitos que hai ao longo de todo o camiño guían pola ruta sen problemas. Coa axuda do GPS, ou estudando ben o terreo, e facendo uns pequenos desvíos de entre 100 e 200 m, pódemonos achegar a ver a “casa do Lobo” de Guende e unha chivana, refuxio de pastores típico do Xurés.

A ruta, en subida, ten un desnivel case constante pero de moi bo levar.

TEMPO: unhas sete horas para ir e volver, sen présa, máis o que se queira, ou se poida, dispoñer para percorrer o entorno das Gralleiras. Se o día axuda pódese completar a camiñada coa subida ao coto da Fonte Fría, un dos cumes da serra.

Tamén se pode facer travesía cruzando ata Pitoes des Junias, na outra banda da serra, en Portugal, ou seguido ata a Portela.



Armeria humilis, só se atopar nas partes altas do Xurés.



Unha das numerosas formacións rochosas das Gralleiras.



Un curioso fito na ruta.



Chivana de pastores



Coto das Gralleiras



Vista de Piteos das Junias desde o alto das Gralleiras



Coto da Fontefría



Vista sobre o encoro de Salas



Camiño dos cumes



"A Pica", nun dos cumes das Galleiras.